



# GRAO EN TRABALLO SOCIAL

## PREINSCRICIÓN NO PRACTICUM - CURSO 2024/2025

### Segundo cuadrimestre

#### Condições para realizar a preinscrición

A Memoria do Plan de Estudos do Grao en Traballo Social establece que é requisito indispensable para matricularse no Practicum, e polo tanto para facer a preinscrición, ter superados 150 créditos básicos e obrigatorios. Entre estes, todos os correspondentes á primeira metade da titulación, é dicir, todas as materias de 1º e 2º curso.

Por outra parte, recoméndase, ademais que se teñan cursadas as seguintes materias de 3º e 4º curso:

- Servizos sociais especializados
- Traballo social con individuos e familias
- Soportes documentais e xestión da información en traballo social
- Deseño e avaliación de proxectos de intervención social
- Medidas de protección social
- Xestión e planificación de servizos sociais
- Xestión de organizacións

#### 1.- Período temporal de realización das prácticas e duración das mesmas:

- Preparación Practicum na EUTS: **o día 29 de xaneiro de 2024**
- Prácticas na institución: do 1 de febreiro ao 16 de maio de 2025 (450 horas de prácticas na institución o que supón unha media diaria de 6 horas)

2.- **Criterios de selección:** A asignación da praza efectuarase en virtude da puntuación obtida pola suma dos seguintes criterios:

- Lugar de residencia do/a alumno/a ou situación asimilada<sup>1</sup>, a estimar pola Comisión para asignación de prazas do Practicum: **10 puntos**
- Nota media simple do expediente académico (ata un máximo de **10 puntos**)
- Ter aprobada a materia optativa vinculada ao campo de prácticas solicitado, sempre e cando proceda: **1 punto** (No caso de que dous alumnos/as obteñan a mesma puntuación, a praza de prácticas asignarase ao que teña maior nota na materia optativa)

**NOTA:** algunhas entidades teñen establecido que o alumnado que queira realizar prácticas, ten que pasar unha entrevista previa. Na oferta de prazas está indicado isto nos centros que o teñen establecido.

Algunhas entidades teñen un horario “especial” (quendas de tarde, fins de semana, número de horas de presenza ao día superior á media, etc). Estas situacións indicaranse ao pe de páxina na oferta pública de prazas.

3.- **Órgano encargado da asignación de prazas:** Comisión de Título de Grao en Traballo Social

4.- **Órgano ou persoa responsable na entidade colaboradora:** Traballador/a social do servizo e/ou Departamento de Servizos Sociais da entidade

5.- **Persoa responsable na Escola:** Coordinadora do Practicum: M<sup>a</sup> Elena Puñal Romarís

#### 6.- Documentación a presentar:

- Solicitud no modelo específico establecido polo centro no que figure o NUSS (Nº afiliación á Seguridade Social do/a alumno/a)
- Expediente actualizado (descargado da Secretaría Virtual da USC) no que conste a **NOTA MEDIA**
- Certificado de Delitos Sexuais
- Ficha do/a alumno/a en modelo específico a descargar na web

<sup>1</sup> Considéranse situacións asimiladas á residencia aquelas que por motivo de traballo, incompatibilidades establecidas pola Escola (relación de parentesco con persoas do servizo ou que o/a alumno/a sexa usuario do mesmo ou algún membro da súa familia), o insuficiente número de prazas no seu lugar de residencia, ser alumno/a do Centro a través dun programa de intercambio, e calquera outra circunstancia que a criterio da Comisión de Título xustifique a asignación de prácticas noutro lugar distinto ao da residencia.



Para acreditar os criterios do apartado 1 é necesario entregar a documentación que se relaciona, en cada caso:

- Para acreditar o lugar de residencia:  
Considerarase lugar de residencia o que conste na documentación de matrícula no curso anterior ao que se solicita a asignación de prácticas. A Comisión de Título, poderá requirir posteriormente, certificado de empadramento nos casos que se valore oportuno verificar o mesmo. Neste caso, no certificado ten que constar o empadramento nos dous anos anteriores á solicitude de praza no Practicum.
- Para acreditar situación asimilada:
  - Por motivo laboral: contrato de traballo selado pola Oficina de Emprego ou certificado de alta na Seguridade Social.
  - Por incompatibilidades establecidas pola EUTS: declaración responsable, no modelo dispoñible na web.

**7.- Prácticas en Servizos Sociais Comunitarios:** O alumnado asignado a prazas nos servizos sociais comunitarios de Concellos de Galicia, ten que acudir as sesións do SIUSS que se impartirán no mes de decembro, dentro da materia optativa “Tecnoloxía da Información e a Comunicación en Traballo Social”. As datas exactas publicaranse oportunamente.

**8.- Prazo de solicitude:** **do 16 ao 20 de setembro de 2024.** A presentación da solicitude de asignación de praza de prácticas supón a aceptación por parte do/a alumno/a, das condicións que se establecen na presente convocatoria.

**9.- Lugar de presentación:** só poderá entregarse presencialmente na secretaría da EUTS (salvo causa de forza maior previo aviso e autorización desde o centro, enviando correo a [practicum@euts.es](mailto:practicum@euts.es) e xustificando a situación).

**10.- Publicación da listaxe provisoria de asignación de prazas:** **2 de outubro de 2024.**  
Unha vez publicada a listaxe, abrirase un prazo de **10 días hábiles** para presentar reclamacións (ata o 16 de outubro)

**11.- Publicación da listaxe definitiva:** **22 de outubro de 2024**  
Unha vez publicada a listaxe definitiva, o alumnado ten que entregar a “**Declaración de parentesco**” en relación ao centro asignado.

**12.- Prazo de matrícula:**

- Na USC: Do 1 de xullo ao 10 de setembro de 2024
- Na EUTS Do 1 ao 24 de xullo ou do 2 ao 10 de setembro de 2024

**13.- Perda do dereito á realización das prácticas:** Un/a alumno/a poderá perder o dereito á realización das prácticas no centro asignado, por algún dos seguintes motivos:

- Non incorporarse na data acordada e/ou incumprir o horario previsto.
- Incumprir ou non respectar o sistema organizativo da entidade.
- Baixo grao de aproveitamento da aprendizaxe.
- Non gardar o debido sixilo respecto dos asuntos que coñeza no desenvolvemento da práctica.
- Falta de asistencia non xustificada.
- Interferencia co desenvolvemento do traballo do centro.
- Causar intencionadamente danos a persoas, instalación e/ou bens durante a realización das prácticas.
- Calquera outro acto, comportamento ou actuación de gravidade.

**14.- Xustificación de faltas de asistencia as prácticas:** É imprescindible xustificar a falta de asistencia tanto no centro de prácticas como na Escola. Na EUTS, nos termos establecidos pola mesma a tal fin (envío do impreso específico e xustificante dos motivos alegados á Secretaria de Centro, profesora M<sup>a</sup> Jesús Castro), e na entidade de prácticas entregando a documentación que ésta lle solicite.

Santiago de Compostela, de 29 de xullo de 2024